



Notificación de concesión de subvención

Procedemento: Resolución do 09 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT302B).

Poño no seu coñecemento que, por resolución do Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, como presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de data 13.04.2026, foille concedida a subvención que se lle notifica, segundo o establecido no artigo 10.2 da resolución do 09 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, e no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Entidade: CONCELLO DE PONTEDEUME

NIF : P1507000F

Importe total da subvención concedida: 2500€

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG. Unha vez transcorrido o devandito prazo,





unicamente se poderá interpor recuso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Notifícase de conformidade co artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Así mesmo, comunícaselle que na páxina web da Agadic (industriasculturais.xunta.gal) poderá consultar toda a información relativa a este proceso, e que para o pagamento deberá seguir as instrucións do artigo 20 da resolución de 09 de novembro de 2025.

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta

